



Concello de
OURENSE

48/21. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 4 DE NOVEMBRO DE 2021

Na cidade de Ourense, o catro de novembro de dous mil vinte e un, *sendo as oito horas e trinta minutos (8h:30')*, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: *Excmo. Sr Alcalde-Presidente: Don Gonzalo Pérez Jácome. Srs/as. Concelleiros/as: Don Telmo Manuel Ucha Álvarez, Don Jorge Pumar Tesouro, Dona Ana María Fernández Morenza, Dona Flora Moure Iglesias e Don Armando Ojea Bouzo*, que actúa como *Concelleiro-Secretario da Xunta*, -asisten como invitados: A Oficial Maior, dona Silvia Alonso Fernández; a Interventora accidental, dona Paula María Álvarez Fernández; e o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez; non asiste a letrada, dona Ana Blanco Nespereira-; ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

APROBACIÓN ACTA

1.- Aprobouse por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 28 de outubro de 2021

SERVIZO DE PLANEAMENTO, XESTIÓN URBANÍSTICA E PATRIMONIO

XESTION URBANISTICA

2.- Recurso de reposición fronte a acordo núm. 10 da Xunta de Goberno Local de 3 de xuño de 2021 relativo a inadmisión a trámite de revisión de Oficio; Expte. de Xestión Urbanística num. 2020032576.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Único.- Desestimar o recurso de reposición interposto por María José Gómez Alonso, en representación de "Promeiga de Contratas y Servicios S.L.", fronte o acordo núm. 10 da Xunta de Goberno Local de 9 de xuño de 2021 que se mantén nos seus propios termos polas razóns expostas no informe xurídico de 2 de novembro de 2021 que se achegará á interesada a efectos de motivación deste acordo.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación do mesmo, conforme o artigo 52 da Lei reguladora das bases de réxime local, 124 da Lei 39/2015 reguladora do Procedemento das Administracións Públicas, 194 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como os artigos 10 e 46 da Lei reguladora da xurisdición contenciosoadministrativa.



PATRIMONIO**3.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos causados nun vehículo en Santa Mariña do Monte. Expediente núm. 2021026198.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Considerar a don Ezequiel Álvarez Fernández desistido da súa solicitude de reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados no seu vehículo polos servizos de limpeza e roza do Concello o día 19 de maio de 2021, por non reunir esta os requisitos legalmente esixibles segundo o disposto no artigos 67 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e non atender a interesada ao requirimento para completala.

2.- Arquivar o expediente.

3.- Notificarlle a don Ezequiel Álvarez Fernández informe xurídico de data 27 de outubro de 2021 para os efectos de motivación.

***Réxime de recursos:** Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

4.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída na rúa Concordia. Expediente núm. 2021038072.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Inadmitir a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don Iván Saavedra Pedreira, en representación de dona Ana María Fernández Vázquez, polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída na rúa Concordia o día 23 de setembro de 2020, por non ser o Concello de Ourense a Administración competente para resolvela.

2.- Remitir as actuacións á Axencia Galega de Infraestruturas en cumprimento do establecido no artigo 14 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3.- Notificarlle a don Iván Saavedra Pedreira, en representación de dona Ana María Fernández Vázquez, o informe xurídico de data 22 de outubro de 2021 para os efectos de motivación.

***Réxime de recursos:** Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo*





ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

5.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados na motocicleta con matrícula 7571 KXX na avenida do Regato. Expediente núm. 2021023240.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Considerar a don Antonio Alberto Hernández del Rosal, en representación de don Adrián Martínez Pérez, desistido da súa solicitude de reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados na motocicleta con matrícula 7571 KXX na avenida do Regato como consecuencia dun vertido na calzada, o día 13 de marzo de 2021, por non reunir esta os requisitos legalmente esixibles segundo o disposto no artigos 67 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e non atender o interesado o requirimento para completala.

2.- Arquivar o expediente.

3.- Notificarlle a don Antonio Alberto Hernández del Rosal, en representación de don Adrián Martínez Pérez, o informe xurídico de data 20 de outubro de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

6.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridos como consecuencia dun accidente en el curso “Talla en madeira” no programa da Universidade Popular 2021. Expediente núm. 2021032313.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Considerar a dona Beatriz Regalade González desistida da súa solicitude de reclamación de responsabilidade patrimonial, polas lesións sufridas no curso de talla de madeira o día 19 de maio de 2021, cando lle esvarou da man una gubia, por non reunir esta os requisitos legalmente



esixibles segundo o disposto no artigos 67 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e non atender a interesada ao requirimento para completala.

2.- Arquivar o expediente.

3.- Notificarlle a dona Beatriz Regalade González o informe xurídico de data 27 de outubro de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: *Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

7.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polos prexuízos sufridos como consecuencia da renuncia do Concello de Ourense á licitación do contrato de arrendamento dun inmovible para a cesión á do seu uso á asociación de veciños de O Barrio. Expediente núm. 2019046030.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- En cumprimento do establecido no artigo 81.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e no artigo 12 j) da lei 3/2104, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, elevar a este órgano a seguinte proposta de resolución:

“Estimar parcialmente la reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don Antonio Rodríguez Novoa, polos danos e prexuízos sufridos pola decisión do Concello de renunciar á contratación do arrendamento dun inmovible para a cesión de uso á asociación de veciños O Barrio pola disolución desta, e recoñecerlle o dereito a percibir a suma de cento noventa e cinco euros con cincuenta e catro céntimos (195,54 €) en concepto de indemnización.”

2.- Suspender o prazo para resolver o procedemento ao abeiro do artigo 22.1 d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ata que se emita o preceptivo ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Réxime de recursos: *Este acto é de mero trámite, non decide directa ni indirectamente o fondo do asunto, non determina a imposibilidade de continuar o procedemento, ni produce indefensión ni prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos polo que non cabe recurso, podendo os interesados alegar o que teñan por conveniente para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento, segundo o disposto no artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

8.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos materiais causados no tendido eléctrico na estrada de Rairo. Expediente núm. 2019036318.





A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Non exercitar a acción civil para obter o resarcimento dos danos causados por don Juan Espino Calleja no tendido eléctrico na estrada de Rairo o día 23 de xuño de 2019, cando conducía vehículo marca MAN modelo TGS, con matrícula 8077-BSV, asegurado pola compañía Allianz, e do que é titular ECOURENSE UTE, por estar prescrito o prazo para o seu exercicio e **arquivar** o expediente.

2.- Notificarlle a don José Carlos González Fernández, en representación da compañía aseguradora Allianz, a don Juan Espino Calleja e a ECOURENSE UTE o informe xurístico de 19 de outubro de 2021.

***Réxime de recursos:** Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

9.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos causados nun farol do alumeadado público en Tras Alameda. Expediente núm. 2021020829.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Requerir á mercantil ECOURENSE UTE (NIF U32400905) para que pague ao Concello de Ourense a suma de mil trinta e seis euros con corenta e tres céntimos (1.036,43 €) en concepto de indemnización polos danos causados por don Manuel Busto Castro (DNI ***8907**) nun farol do alumeadado público en Tras Alameda, o día 20 de setembro de 2020, cando conducía vehículo marca Bucher, modelo City Cat 2020, con matrícula E1964BFS, debendo facer o pagamento mediante ingreso mediante carta de pagamento emitida polo servizo de Facenda, sendo responsables solidarias a compañía aseguradora Allianz (NIF A28007748) e o condutor do automóbil, advertíndolles que de non facer o pagamento no prazo de dez días porase en coñecemento da avogacía consistorial para que exercite as accións legais oportunas.

2.- Que no caso de que non se atenda o requirimento de pagamento a avogacía consistorial exercite as accións xudiciais oportunas para obter o resarcimento dos danos causados por don Manuel Busto Castro nun farol do alumeadado público en Tras Alameda, o día 20 de setembro de 2020, cando conducía vehículo marca Bucher, modelo City Cat 2020, con matrícula E1964BFS, e dos que son responsables solidarias ECOURENSE UTE, titular do automóbil, e a compañía aseguradora Allianz.



3.- Notificarlle a don Manuel Busto Castro, a ECOURENSE UTE e á compañía aseguradora Allianz o informe xurídico de data 26 de outubro de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: *Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

10.- Reclamación de responsabilidade patrimonial por atraso na devolución dun aval constituído en garantía de contrato de asistencia xurídica de asesoría e defensa procesal do Concello de Ourense. Expediente núm. 2019037165.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don Carlos Hernández López, no nome e representación de ANTAS HERNANDEZ VENTO SLP (CIF B15401912) polo retraso na cancelación dun aval constituído como garantía do contrato de asistencia xurídica de asesoría e defensa procesal do Concello de Ourense, que finalizaba o 22 de maio de 2014.

2.- Valorar os danos en de douscentos vinte e un euros con noventa e cinco céntimos (221,95 €).

3.- Aprobar e dispoñer o gasto e recoñecer a obrigaación a favor de ANTAS HERNANDEZ VENTO SLP (CIF B15401912) polo importe de douscentos vinte e un euros con noventa e cinco céntimos (221,95 €) en concepto de indemnización por responsabilidade patrimonial. Desta suma, douscentos dez euros (210 €) correspondentes ao principal, pagaranse con cargo á partida orzamentaria 120.9200.22639, e once euros con noventa e cinco céntimos (11,95 €) en concepto de xuros, con cargo á partida orzamentaria 260.0111.35200

4.- Darlle traslado deste acordo á Tesourería Municipal para os efectos oportunos.

5.- Notificarlle a don Carlos Hernández López, no nome e representación de ANTAS HERNANDEZ VENTO SLP (CIF B15401912) e aos demais interesados o informe xurídico de data 30 de xullo de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: *Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.



SERVIZO DE CONTRATACIÓN

11.- Prorrogar, se procede, o contrato baseado para a subministración de electricidade en baixa tensión (tarifas 2.0A e 2.0 DHA con potencia contratada PC < 10 kw). (Expediente núm. 2021031899).

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

PRIMEIRO. - Prorrogar o Contrato baseado para a subministración de electricidade en baixa tensión (tarifas 2.0A e 2.0 DHA con potencia contratada PC < 10 kw), expediente núm. 2020017120, adxudicado a Gas Natural Comercializadora SA, titular do NIF A61797536, en data 23 de decembro de 2020, desde o día 11 de xaneiro de 2022 ata o 10 de xaneiro de 2023.

Aplicaranse os prezos revisados, remitidos pola adxudicataria, conforme ao establecido na cláusula 16.3 do PCA e a conversión de prezos aprobada na Comisión de Control e Supervisión do Acordo Marco, e que se achegan a esta resolución:

Precios Bajo Circular 3/2020 Conversión pactada con FEMP							
Tarifa Origen	Tarifa Destino	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	2.0TD	0,2391	0,1411	0,0944			
2.0DHA	2.0TD	0,2379	0,1402	0,0937			
2.0DHS	2.0TD	0,2375	0,1388	0,0943			
2.1A	2.0TD	0,2390	0,1411	0,0944			
2.1DHA	2.0TD	0,2378	0,1402	0,0936			
2.1DHS	2.0TD	0,2375	0,1388	0,0943			
3.0A	3.0TD	0,1893	0,1637	0,1249	0,1141	0,1031	0,0930
AP2.0DHA	2.0TD	0,2379	0,1402	0,0937			
AP2.1DHA	2.0TD	0,2378	0,1402	0,0936			
AP3.0A	3.0TD	0,1893	0,1637	0, 1249	0,1141	0,1031	0,0930
3.1A	6.1TD	0,1502	0,1318	0,1048	0,0989	0,0899	0,0844
6.1A	6.1TD	0,1486	0,1321	0,1072	0,0976	0,0863	0,0845

SEGUNDO. Aprobar e dispoñer o gasto para o período de prórroga do contrato, por importe de 1.862.580,16 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias e á distribución por anualidades seguintes:

Anualidad	Importe	Aplicación presupuestaria	RC/RC fut
2022:	1.713.573,75 €	100.1650.22100	202100053146
2023:	149.006,41 €	100.1650.22100	202100053147

De conformidade co disposto no artigo 174.1 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a autorización do gasto para os



exercicios futuros subordinarase á existencia de crédito adecuado e suficiente que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Comunicar esta resolución á empresa adxudicataria a través da plataforma informática da Central de Contratación, publícala no perfil do contratante desta Entidade Local e notifícala conforme ao establecido na LCSP.

12.- Acordar, se procede, a segunda prórroga do contrato de subministración e renovación de diversas licenzas de software do Concello de Ourense - Lote 1 Presto. (Expediente núm. 2021016361)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Acordar a segunda prórroga do contrato de subministración e renovación de diversas licenzas de software do Concello de Ourense - Lote 1 Presto, adxudicado a NKE CAD SYSTEMS SL, titular do NIF B86798949, na data 07/03/2019, nas seguintes condicións:

- Prazo da prórroga: 1 ano (dende o 10/04/2022 ao 09/04/2023).
- Prezo: 2.347,40 €, dos que 1.940,00 € corresponden ao principal e 407,40 ao IVE.

LOTE 1: PRESTO		
MÓDULO	IMPORTE BASE	IVE
Presuposto e medicións	750,85 €	157,68 €
Xestión do proxecto	168,30 €	35,34 €
Planificación	155,39 €	32,63 €
Control de calidade	213,59 €	44,85 €
Xestión Ambiental	213,59 €	44,85 €
Seguridade e saúde	308,56 €	64,80 €
Monitor 10	129,73 €	27,24 €
TOTAL	1.940,00 €	407,40 €

2.- Aprobar compromiso de gasto, por importe de 2.347,40 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias e a distribución por anualidades seguintes:

Anualidade	Importe	Aplicación orzamentaria	RC/RC fut
2022:	2.347,40 €	120.9202.21610	202100020805

De conformidade co disposto no artigo 174.1 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a autorización do gasto para os exercicios futuros se subordinará á existencia de crédito adecuado e suficiente que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos municipais.

13.- Acordar, se procede, a segunda prórroga do contrato de subministración e renovación de diversas licenzas de software do Concello de Ourense - Lote 2 MDT PROF+TOP V7.5. (Expediente núm. 2021016361).

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:





1.- Acordar a segunda prórroga do contrato de subministración e renovación de diversas licenzas de software do Concello de Ourense - Lote 2 MDT PROF+TOP V7.5, adxudicado a NKE CAD SYSTEMS SL, titular do NIF B86798949, na data 07/03/2019, nas seguintes condicións:

- Prazo da prórroga: 1 ano (dende o 10/04/2022 ao 09/04/2023).
- Prezo: 707,85 €, dos que 585,00 € corresponden ao principal e 122,85 ao IVE.

LOTE 2: MDT PROF+TOP V7.5		
LICENZA	IMPORTE BASE	IVE
5274	292,50 €	61,43 €
5272	292,50 €	61,43 €
TOTAL	585,00 €	122,85 €

2.- Aprobar compromiso de gasto, por importe de 707,85 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias e a distribución por anualidades seguintes:

Anualidade	Importe	Aplicación orzamentaria	RC/RC fut
2022:	707,85 €	120.9202.21610	202100020806

De conformidade co disposto no artigo 174.1 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a autorización do gasto para os exercicios futuros se subordinará á existencia de crédito adecuado e suficiente que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos municipais.

14.- Acordar, se procede, a segunda prórroga do contrato de subministración e renovación de diversas licenzas de software do Concello de Ourense - Lote 3 Licenzas Autocad. (Expediente núm. 2021016361)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Acordar a segunda prórroga do contrato de subministración e renovación de diversas licenzas de software do Concello de Ourense - Lote 3 Licenzas Autocad, adxudicado a DISPAL ASTUR, SA (NIF: A33204306), na data 07/03/2019, nas seguintes condicións:

- Prazo da prórroga: 1 ano
- N/S: 398-35924367 (2 postos - AutoCAD). Contrato: 110000278700: 21/03/2022 a 20/03/2023
- N/S: 398-56722850 (1 posto - AutoCAD Map 3D). Contrato: 110000280775: 23/03/2022 a 2/03/2023
- N/S: 398-56729481 (10 postos - AutoCAD Map 3D). N/S: 398-56729580 (1 posto - AutoCAD Map 3D). Contrato: 110000288414: 13/04/2022 a 12/04/2023
- N/S: 398-58953553 (4 postos - AutoCAD Architecture). Contrato: 110000727713: 14/04/2022 a 13/04/2023.

- Prezo: 22.392,44 €, dos que 18.506,15 € corresponden ao principal e 3.886,29 ao IVE.

LOTE 3: LICENZAS AUTOCAD



CONTRATO	IMPORTE BASE	IVE
110000278700	1.700,90 €	357,19 €
110000280775	1.059,24 €	222,44 €
110000288414	11.651,64 €	2.446,84 €
110000727713	4.094,37 €	859,82 €
TOTAL	18.506,15 €	3.886,29 €

2.- Aprobar compromiso de gasto, por importe de 22.392,44 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias e a distribución por anualidades seguintes:

Anualidade	Importe	Aplicación orzamentaria	RC/RC fut
2022:	22.392,44 €	120.9202.21610	202100020807

De conformidade co disposto no artigo 174.1 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a autorización do gasto para os exercicios futuros se subordinará á existencia de crédito adecuado e suficiente que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos municipais.

15.- Acordar, se procede, a segunda prórroga do contrato de subministración e renovación de diversas licenzas de software do Concello de Ourense - Lote 4 Licenzas Oracle. (Expediente núm. 2021016361).

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Acordar a segunda prórroga do contrato de subministración e renovación de diversas licenzas de software do Concello de Ourense - Lote 4 Licenzas Oracle, adxudicado a ASAC COMUNICACIONES, SL (NIF: B33490426), na data 07/03/2019, nas seguintes condicións:

- Prazo da prórroga: 1 ano (dende o 10 de abril de 2022 ata o 9 de abril de 2023).
- Prezo: 7.898,88 €, dos que 6.528,00 € corresponden ao principal e 1.370,88 ao IVE.

2.- Aprobar compromiso de gasto, por importe de 7.898,88 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias e a distribución por anualidades seguintes:

Anualidade	Importe	Aplicación orzamentaria	RC/RC fut
2022:	7.898,88 €	120.9202.21610	202100020808

De conformidade co disposto no artigo 174.1 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a autorización do gasto para os exercicios futuros se subordinará á existencia de crédito adecuado e suficiente que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos municipais.

16.- Acordar, se procede, a prórroga do contrato de subministración e renovación de diversas licenzas de software do Concello de Ourense - Lote 5 RED HAT ENTERPRISE LINUX SERVER, STANDARD (PHYSICAL OR VIRTUAL NODES). (Expediente núm. 2021016361).

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:





1.- Acordar a prórroga do contrato de subministración e renovación de diversas licenzas de software do Concello de Ourense - Lote 5 RED HAT ENTERPRISE LINUX SERVER, STANDARD (PHYSICAL OR VIRTUAL NODES), adxudicado a COREMAIN SLU (NIF: B15313505), na data 07/03/2019, nas seguintes condicións:

- Prazo da prórroga: 1 ano (dende o 11/04/2022 ao 10/04/2023).
- Prezo: 3.460,60 €, dos que 2.860,00 € corresponden ao principal e 600,60 ao IVE.

2.- Aprobar compromiso de gasto, por importe de 3.460,60 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias e a distribución por anualidades seguintes:

Anualidade	Importe	Aplicación orzamentaria	RC/RC fut
2022:	3.460,60 €	120.9202.21610	202100020809

De conformidade co disposto no artigo 174.1 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a autorización do gasto para os exercicios futuros se subordinará á existencia de crédito adecuado e suficiente que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos municipais.

17.- Darse por enterada da información do Sr. Alcalde e Concelleiros de Área con Delegación, sobre resolucións adoptadas ata a data.

Ningunha.

E non habendo máis asuntos que tratar, o *Excmo. Sr Alcalde-Presidente*, levantou a sesión ás oito horas e corenta e cinco minutos (08h:45'), do que como *Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local* dou fe.

